

Queridas familias,

non me gusta facer comunicados de maneira precipitada, tendo en conta que posiblemente os centros recibamos instrucións por escrito mañá venres e certas cuestións queden contestadas, pero como xa hai moita información na prensa e sei que as familias, ó igual que os docentes, temos moitas inquedanzas por saber como se vai a levar a cabo o terceiro trimestre, vou comentar a comparecencia da Ministra de Educación.

Parece claro que:

- O final de curso será en xuño, como vén sendo habitual.
- O terceiro trimestre será para repasar/reforzar/traballar competencias básicas e aprendizaxes esenciais, e diagnosticar as necesidades específicas de cara a establecer as medidas para o curso que vén.
- Non hai aprobado xeral pero non se recomenda a repetición aínda que é posible. Pode pasarse de curso con máis suspensos do habitual.
- Ofreceranse clases de reforzo e actividades lúdicas no período estival, aínda que non está moi definido como se organizará esta medida.

Aínda quedan incógnitas relevantes que resolver:

- Se avanzamos materia ou só repasamos o anterior e, en caso de avanzar, se avalíamos os novos contidos e como. No caso de que non se avance materia, sería conveniente non usar os libros do terceiro trimestre e deixalos para o primeiro trimestre do curso que vén?
- Para evitar a fenda dixital e facilitar ás familias o acceso ós recursos, moitos centros queremos facer reparto de materiais, estamos falando coas autoridades para saber como facer ese reparto sen incumprir a normativa vixente. Tampouco quedou claro se este reparto pode ser considerado “causa de forza maior”, o cal permitiría ás familias desprazarse ó centro para vir a buscar o material ou se hai que buscar outras vías como o reparto a domicilio.
- Non sabemos se volveremos ás clases presenciais nalgún momento do curso, pero isto é unha medida que non se pode adiantar porque dependerá da evolución da pandemia e das recomendacións que fagan as autoridades sanitarias.

Como xa digo, isto é unha interpretación das declaracións da Ministra de Educación, agardamos recibir pronto instrucións máis concretas da nosa Consellería de Educación.

Moito ánimo e saúde.

Dani